

RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE FEBREIRO DE 2018 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR AS ACTIVIDADES EXTRA-ACADÉMICAS E DE DIFUSIÓN CULTURAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2018.

Os Estatutos da Universidade de Vigo establecen no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios estará a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida. Igualmente o artigo 7, apartado i) establece que a Universidade de Vigo para o cumprimento dos seus fins e segundo a súa autonomía ten atribuída a competencia de organización de actividades de extensión universitaria, culturais, sociais e deportivas.

Esta convocatoria pretende favorecer a organización de conferencias, mesas redondas e actividades culturais que sexan de interese xeral para a comunidade universitaria.

De acordo con todo o indicado, esta reitoría

RESOLVE

Facer pública a convocatoria de axudas para a organización de actividades extra-académicas e de difusión cultural da Universidade de Vigo para o ano 2018 de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA**1. Obxectivos**

- Promover a realización de actividades culturais nos centros nas súas máis diversas formas, que interesen a amplos sectores da comunidade universitaria e da sociedade en Xeral, e proxecten a imaxe da Universidade de Vigo como institución social e cultural.
- Facilitar a organización de ciclos de conferencias de interese Xeral, sen a intensidade dos cursos, que traten temas de actualidade e permitan o debate e a crítica de novos coñecementos, ideas e opinión.
- Potenciar diversas formas de cultura e introducir outras novas que amplíen o ambiente cultural universitario, tales como os ciclos de cine, certames, exposicións, reunión con fins socioculturais, audicións musicais, rutas culturais, tanto por itinerarios ricos en patrimonio histórico, como os que se caractericen polos recursos naturais.

2. Modalidades**A. Actividades de Centro**

A.1. *Conferencias e mesas redondas.* Con esta modalidade poderán planificarse ciclos de conferencias ou mesas redondas que teñan como finalidade a divulgación a amplos colectivos sociais de temas que son de actualidade e de interese Xeral para a comunidade.

A.2. *Actividades culturais.* Esta modalidade inclúe actividades extra-académicas, celebración dos patróns dos centros, recuperación das festas populares, realización de actos culturais no eido da música, as artes plásticas, o cine, o recoñecemento do patrimonio próximo.

B. Actividades de Campus

A vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais (no campus de Vigo), a Vicerreitoría do campus de Pontevedra e a Vicerreitoría do campus de Ourense (nos seus campus respectivos) poderán realizar unha programación anual ou cuadrimestral de actividades que poidan interesar a toda a comunidade universitaria nos diferentes ámbitos da vida cultural.

3. Exclusión

Quedan excluídas desta convocatoria:

- As solicitudes presentadas por persoas que non pertencen á comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- As conferencias, mesas redondas ou actos culturais que formen parte de programas de actividades que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.
- Calquera outra actividade competencia doutra Vicerreitoría, servizo ou área da Universidade de Vigo distinta da área de actividades culturais.
- Os cursos en Xeral, os congresos e seminarios.
- Os ágapes, petiscos, comidas ou bebidas, en xeral, que non se correspondan coa mantenza das/os invitadas/os ou convidadas/os a unha actividade.
- As visitas e excursións susceptibles de seren financiadas por medio da convocatoria de prácticas de campo da Universidade de Vigo.

4. Solicitantes, formalización e prazo de solicitudes

Poderá solicitar a realización de actividades calquera membro da Universidade de Vigo. Ademais A vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais (no campus de Vigo), a Vicerreitoría do campus de Pontevedra e a Vicerreitoría do campus de Ourense (nos seus campus respectivos) poderán tomar a iniciativa de organizar actividades que sexan de interese a toda a comunidade universitaria nos diferentes ámbitos da vida cultural.

As solicitudes deberán dirixirse inicialmente ao decanato ou a dirección do Centro ao que pertenza a persoa ou colectivo solicitante. A Xunta de Centro, ou ben o órgano que cada centro autorice para tal fin, avaliará a citada solicitude e, de considerala adecuada, poderá incluíla dentro da programación de Extensión Universitaria do Centro. A programación de Extensión Universitaria do centro que requira financiamento a través desta convocatoria deberá ser aprobada pola Xunta de Centro ou polo órgano que cada Centro autorice. O decanato ou dirección presentará a citada programación de actividades en calquera dos rexistros xerais da Universidade e remitiranse á vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais (Edificio Miralles. Campus universitario, 36310 Vigo) para as actividades que se celebrarán no campus de Vigo, á vicerreitoría do campus de Pontevedra (Casa das Campás. Rúa don Filiberto, 9-11, 36002 Pontevedra) e a vicerreitoría do campus de Ourense (Edificio de Facultades. Campus As Lagoas, Ourense) no caso dos centros dos respectivos campus, achegarán a seguinte documentación:

- Impreso normalizado de solicitude (modelo anexo desta convocatoria) de organización de cada actividade debidamente cuberto que incluírá a data de aprobación en Xunta de Centro. No caso de que algunha actividade se realice nun

lugar alleo ao Centro, deberá achegarse acreditación do permiso para desenvolvela por parte do órgano competente.

- Documento acreditativo da concesión doutras subvencións externas á Universidade de Vigo (indicando a contía da subvención), de ser o caso.

Unha vez recibida a petición, as vicerreitorías correspondentes distribuirán automaticamente as cantidades, sempre que:

- a) As actividades non se correspondan coas indicadas no apartado 3 desta convocatoria.
- b) Non excedan os máximos asignados a cada Centro. Para cada Centro estes máximos se calcularán como a suma dunha cantidade fixa (1.500€) e unha parte variable dependente do número de alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo, ou ben de grao ou mestrado universitario, matriculado nese Centro no curso 2017/2018 a día 1 de xaneiro de 2017.

Ata 300 alumnas/os	350 euros
De 301 a 750 alumnas/os	700 euros
De 751 a 1.500 alumnas/os	1.050 euros
De 1.501 a 2.500 alumnas/os	1.400 euros
Máis de 2.500 alumnas/os	2.000 euros

- c) As solicitudes estean debidamente cubertas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á publicación da convocatoria e abranguerá ata o **15 de setembro de 2018**. Cada solicitude deberá presentarse cunha **antelación de quince días** á data de realización da actividade.

A resolución de notificación corresponderalles á vicerreitora ou vicerreitor correspondente á aprobación inicial de todas as peticións, salvo as que presente dúbidas de estar recollidas no apartado 3, que serán avaliadas pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o correspondente Consello de campus. A resolución será notificada a cada solicitante.

A aceptación da axuda farase mediante un documento asinado pola persoa solicitante comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as condicións aprobadas para realizar a actividade. Calquera modificación para facer as actividades aprobadas deberá ser avaliada e aceptada pola Vicerreitoría correspondente ou, en caso de que presente algunha dúbida, pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o correspondente Consello de campus.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias:

2018OUR1 211E 22699 no campus de Ourense .

2018PON1 211E 22699 no campus de Pontevedra.

201800EU 211E 22699 no campus de Vigo.

5. Funcionamento

Unha vez realizada a actividade o decanato ou dirección solicitante elaborará unha memoria final das actividades realizadas que deberá remitirlles ás vicerreitorías correspondentes.

6. Recursos

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Vigo a 5 febreiro de 2018

O REITOR

PD R.R. 29/06/2017

O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais



Manuel Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que esta
Resolución se publica con esta data no
taboleiro de anuncios dos Rexistros da
Universidade de Vigo
Vigo, 5 de febreiro de 2018
O xefe do Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Corderí Salgado